



*Celso Emilio Ferreiro
visto por Conde Corbal*

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN

Catedrático de Lingua e Literatura
Galega. Secretario do Arquivo Sono-
ro de Galicia do Consello da Cultura
Galega.

Aquela entrevista nun tempo de avolta esperanza

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN FDZ.

Na primavera de 1979 constituíse en Ourense unha plataforma cidadá en pro do día das letras galegas. Eran aqueles tempos de transición e voluntarismo no que cidadáns “comprometidos” –esa palabra horrible- tentaban aproveitar as marxes de actuación que abrían os novos, avoltos e esperanzados tempos democráticos e actuar como axentes de cambio. Lembremos que deses movementos cidadáns saíron cousas que serían tan transcendentales para a cidade de Ourense como recuperación do Teatro Principal ou a mobilización cidadá para que non se localizase nas proximidades á cidade a planta de celulosa proxectada por algún grupo empresarial.

Pois a quen isto subscribe, cadroulle participar nesa Comisión Cidadá polas Letras Galegas naquela primavera de vértixe política. Lembremos que a Constitución se aprobara en decembro de 1978, que as primeiras eleccións a Cortes conforme a esas regras democráticas se celebraran o 1 de marzo, o 3 de abril as primeiras municipais, a súa toma de posesión nos concellos, o 18 de abril... e que as institucións autonómicas eran só un soño que viña envolto en pesadelos. Comezara o proceso coa manifestación unitaria pola autonomía do 4 de decembro de 1977 –esa na que en Ourense falou Blanco Amor e en Vigo Valentín Paz Andrade- e, no inverno seguinte á

primavera que tratamos, o 4 de decembro de 1979, celebrouse outra manifestación contra os recortes do non nato estatuto na coñecida como manifestación do “aldraxe”.

Compréndese pois, que nestes tempos, non estaban moito as institucións para organizar cousas sobre as letras galegas, porque os concellos democráticos se estaban empezando a organizar e as institucións autonómicas, directamente, non existían. Pero había xa liberdade de movemento, liberdade para as iniciativas cidadáns voluntaristas e sen recursos económicos, pero con simpatía dos medios e o calor de moitos cidadáns.

Esta Comisión organizara varios actos públicos, concertos, charlas, etc. e conseguira uns ocos en Radio Ourense para emitir unha serie de entrevistas con persoeiros da cultura galega. E daquela, con dezaioito anos, cadráronos unha desproporcionada responsabilidade só equivalente á nosa ousadía xuvenil. Naqueles días entre abril e maio, acompañado de Nacho López-Cid, fíxenlle entrevistas a Eduardo Blanco Amor, Ramón Piñeiro, Xoaquín Lorenzo e Celso Emilio Ferreiro, sen saber, obviamente, que para dous deles se tratarían de entrevistas feitas nos últimos tramos da súa vida, pois Celso Emilio morrería o 31 de agosto e Blanco Amor o 1 de decembro. En calquera caso, estas entrevistas de hai trinta e tres

anos –algunhas delas publicadas noutros números de Raigame- supuxeron para min, unha espertar á consideración do interese a conservación do patrimonio gravado, entrevistas, conferencias, etc. e que nos levou, andando o tempo, impulsar o proxecto de Arquivo Sonoro de Galicia no Consello da Cultura Galega.

A entrevista realizouse unha tarde de maio no desaparecido Hotel Padre Feijóo de Ourense e, como adoita suceder nestes casos, o máis substancial foi ao rematar, a micro pechado. Pero sobre iso, como non hai posibilidade de contraste, é mellor deixalo estar, aínda desazón polo paso pola política activa amosou abondo.

TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA A CELSO EMILIO FERREIRO

A primeira das preguntas formuladas era de tipo xeral, sobre a problemática da cultura e a emigración e contestou:



Comezara o proceso coa manifestación unitaria pola autonomía do 4 de decembro de 1977 –esa na que en Ourense falou Blanco Amor e en Vigo Valentín Paz Andrade–.

Sen entrar en demasiados detalles, porque a problemática da que falas ti, é unha cousa tan ampla, da que tería para falar horas e horas, e non é cousa diso. Así que empezarei dicindo que alí onde hai corenta galegos en calquera lugar do mundo, sobre todo en latinoamérica, alí onde hai corenta galegos o primeiro que fan, dada a súa singularidade, é crear un centro galego. É unha especie de sentimento nacionalista de tipo embrionario o que por instinto os leva a crear ese centro. Pero moitas veces ocorre que despois de crear o centro non saben que facer del. E en moitos casos, lamentablemente, terminan sendo centros de folclorismo galego, sen outra cousa.

Cando eu cheguei a Venezuela topeime con que había creadas catro asociacións

galegas. Parece que respondían a aquela frase do cabaleiro medieval “Somos galegos e non nos entendemos”. Pero, por fin, conseguíuse crear unha soa asociación de moita importancia. Pero tamén, levados do seu folclorismo –era na época do anterior réxime ditatorial e había un sentimento de tipo despolitizado– tivemos grandes problemas ao intentar facer que os centros galegos- o Centro Galego de Caracas concretamente- fora unha entidade política; porque eu sempre entendo que o galeguismo, sexa do signo que sexa, teña unha tendencia política. Unha tendencia política, naqueles tempos, sobre todo, da dictadura, que tiña que facer da emigración de Galicia na América, unha nova Galicia, unha Galicia buscando a súa redención, buscando a súa Terra Prometida. Si, tivemos grandes problemas para levar a cabo eso. Porque desgraciadamente a nosa colectividade, sobre todo en Venezuela, era unha emigración despolitizada, desinformada, na que a palabra política era unha palabra tabú, unha palabra prohibida.


De tódolos xeitos había minorías importantes –ás que eu pertencía- que loitamos e conseguimos facer algunhas cousas. Entre elas loitar contra a dictadura. Porque nós estimabamos que a primeira medida, a máis importante, para un galego galeguista era loitar contra unha situación política que negaba toda posibilidade de que Galicia recuperara a súa personalidade e recuperara a súa nacionalidade, a súa cultura.

Fixemos cousas que entón eran importantes e grandes, pero que agora vistas desde a distancia do tempo pois non son tan importantes porque claro as cousas cambiaron bastante, e aínda que esteamos vivindo nunha predemocracia bastante deficiente, pero o feito é que agora aquelas cousas non parecen tan importantes.

Pero de todos xeitos, as entidades galegas en América, salvo algunhas excepcións como pode ser o Centro Galego de Buenos Aires -que é unha entidade puramente asistencial e mutualista, importantísima dentro do seu rol- pero as outras sociedades ate agora foron as que terminaron sendo unas entidades puramente folclóricas.

A continuación fixémoslle unha pregunta aberta sobre a actividade cultural da emigración galega en Madrid, expresión que moito foi do seu agrado, e contestou:

Gústame moito que lle chames emigración galega en Madrid porque en Galicia sóese falar da emigración en Bos Aires, da emigración en Cuba -na época que a houbo-, da emigración en Venezuela, en fin da emigración ultramarina e ninguén fala da emigración en Madrid que é unha emigración como outra calquera, aínda que, naturalmente non é o mesmo vivir en Madrid que vivir en Caracas. En Madrid estamos a unha hora escasa en avión de Galicia e en Venezuela estase moito mais lonxe. Pero iso é unha cuestión xeográfica. O feito é que en Madrid hai cerca de catrocentos mil galegos e alí intentamos soste unha loita de identificación... de que os galegos collan unha conciencia galega. E é un problema moi grave e moi importante e moi difícil, porque a maioría desta emigración son funcionarios. Son xente educada e formada dun xeito non galego. Pero nós estamos



intentando concienciar -é unha palabra horrible pero é a auténtica- concienciar os galegos de Madrid ata tal punto que dicimos que se os galegos de Madrid se uniran e fora capaces de entenderse podíamos, incluso, sacar dous ou tres deputados galegos en Madrid, xa non digamos concelleiros.

En Madrid neste momento hai tres entidades que están loitando pola cultura galega.

Unha é o Ateneo de Madrid na Aula de Lingua e Literatura Galega que eu coordino, e onde estamos facendo un ciclo de conferencias que este ano dura tres ou catro meses, onde están desfilar unha serie de personalidades galegas explicándolle a xente -non so á xente galega senón tamén a xente de Madrid que se interesa pola cousa cultural- explicándolle en que consiste o feito diferencial galego e a nosa cultura peculiar.

Alí onde hai corenta galegos en calquera lugar do mundo, o primeiro que fan, dada a súa singularidade, é crear un centro galego.

Nós estimabamos que a primeira medida, a máis importante, para un galego galeguista era loitar contra unha situación política que negaba toda posibilidade de que Galicia recuperara a súa personalidade e recuperara a súa nacionalidade, a súa cultura.



Ramón Piñeiro
(Letras Galegas
2009) visto por
Seoane

... ningún fala da emigración en Madrid que é unha emigración como outra calquera, aínda que, naturalmente non é o mesmo vivir en Madrid que vivir en Caracas.

Despois hai outra entidade que se chama Irmandade Galega que non ten unha orixe política senón que reponde a principios moito mais amplios. É dicir, intentamos que o galego de Madrid colla unha conciencia galega e despois pertenza a calquera partido. Iso non importa.

E despois hai outra sociedade cultural que se chama Lóstrego, que máis ou menos, está dirixida por nacionalistas galegos do grupo Bloque pero que tamén está facendo a súa labor importante. E cos que estamos de acordo en facer unha cousa común, que a estamos facendo agora neste ciclo de conferencias no Ateneo.

Estamos intentando isto. Naturalmente é un traballo moi lento que non é posible empezarmos porque non temos máis que, dos catrocentos mil galegos que hai en Madrid, aproximadametne debemos ter só a dirección de escasamente de mil, para

poder dirixirnos a eles e invitalos a que asistan aos nosos actos. É unha labor longa e delicada, pero en fin... estamos intentando facer algo.

Cando lle pedimos información concreta sobre o Centro Galego de Madrid, simplemente nos dixo:

O Centro Galego de Madrid non fai nada realmente pola cultura galega nin pola exaltación da personalidade de Galicia como entidade política primordial. É un club. É un club máis ou menos importante onde van os galegos a xogar ó bingo, a tomar vasos de viño do Ribeiro e nada máis. Ten unha delegación cultural que intenta facer algunha cousa, pero en realidade supérao todo o outro ambiente. En realidade non é nada.

E nesta mesma forma están moitos centros galegos. Non me refiro ao de Bos Aires, que iso é unha cousa aparte, refíronme a moitos chamados centros galegos de América que ao final non son máis que clubs onde practican un galeguismo folclórico.

Rematamos a curta entrevista –lembramos que era para difusión en radio– solicitando unha caracterización xeral do Día das Letras Galegas e da figura que se homenaxeaba ese ano, o poeta vangardista Manuel Antonio. Dixo.

O que é o Día das Letras Galegas sábeo todo galego máis ou menos enterado: a conmemoración das letras galegas coincidindo coa saída do primeiro libro de Rosalía en Vigo. Agora ben, eu creo que isto ten unha importancia indubidable. É a exaltación da literatura e das letras galegas, que en certa maneira, e no seu trasfondo, é a conmemoración e a exaltación da nosa lingua.

A nosa lingua é importante porque a parte de falala a maioría dos galegos, ten unha literatura. Unha literatura e unhas letras que veñen xa desde a Idade Media e que segue cada día máis boiante e polo tanto é a exaltación dela, é en certa maneira, e non en certa maneira, é definitivamente, a exaltación da nacionalidade galega.

Manuel Antonio para min é un dos grandes poetas que deu Galicia, pero é un poeta isolado. É un poeta senlleiro. El foi un creacionista influído pola poética, por exemplo, de Huidrobo, o chileno, na época do creacionismo verbal. El é unha figura que non creou discípulos.

É como unha torre illada, marabillosa, extraordinaria no campo das letras galegas.



*Xaquín Lorenzo
(Letras Galegas
2004) visto por
Santy.*

O que é o Día das Letras Galegas [...] é a exaltación da literatura e das letras galegas, que en certa maneira, e no seu trasfondo, é a conmemoración e a exaltación da nosa lingua. [...] é definitivamente, a exaltación da nacionalidade galega.



*Celso Emilio Ferreiro
(Letras Galegas 1999)
visto por Siro.*